
Área de e-Business - Centro de Competencias en Comercio Electrónico

- Actualizado (22.11.2005)

O Centro de Competencias en Comercio Electrónico xorde como resultado do proxecto europeo e-MINDER. Trátase dun proxecto pertencente ao programa IST (Information Society Technologies) que foi promovido, en Galicia, polo Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA). Nel participaron outros oito socios de España, Polonia e Chipre. O proxecto centrábase na realización de estudos de situación e actividades de apoio ás Pemes nas rexións europeas periféricas.

Durante a realización de e-MINDER fóronse poñendo en marcha diversas áreas de traballo do Centro (Observatorio, Soporte, Formación, Comunicación), que estiveron en funcionamento ata a conclusión do proxecto. As devanditas áreas proporcionaron o marco para a realización dos servizos e actividades levados a cabo polo Centro, que poden ser consultados na web do proxecto: <http://www.e-negociogalicia.com>.

Tras a finalización do proxecto e-MINDER, o Centro de Competencias en Comercio Electrónico, como área de e-Business do CESGA, continúa co seu apoio ás Pemes mediante a realización de proxectos específicos. Desde o Centro promóvese a realización de proxectos de innovación, desenvolvemento e investigación nos que as empresas poden participar de modo directo, ou ben usando os resultados dos proxectos. Estes proxectos baséanse na identificación de necesidades resultante de investigacións previas, ou ben na demanda directa por parte das Pemes.

O Centro leva desenvolvidos máis de dez proxectos europeos e rexionais co obxectivo de promover a innovación das empresas en materia de e-Business. O obxectivo final é a mellora da situación do tecido empresarial e a sociedade galega no ámbito das tecnoloxías da información e a comunicación. As pemes interesadas poden participar en novas iniciativas relacionadas co e-Business presentando as súas ideas e necesidades para deseñar un proxecto en colaboración co Centro no seguinte enderezo de correo: [info @ e-negociogalicia.com](mailto:info@e-negociogalicia.com)